

# O VOLUNTARIADO PENITENCIARIO

Este fin de mes celébrase en A Coruña o XIV Congreso Estatal do Voluntariado. O lema: *Galicia voluntaria. Camiños da solidariedade*. E aparece logo un trazo precioso cun gran corazón.

Cando eu era rapaz novo, onde vai, dicíase con relación á mili: Voluntarios nin para comer, porque logo facíanche o cambiazo e o que comías era o 'marrón que se lle ocorre ao mando correspondente.

Non obstante a maior parte da vida en sociedade pasaba e pasa hoxe pola xenerosidade calada de tantas persoas que entregan parte do seu tempo e traballo ao outro e, ás veces, mesmo está en xogo a propia vida.

Que sería da nosa sociedade sen a achega xenerosa e gratuíta dos nosos avós e avoas para sacar adiante os nenos da familia e ás veces os dos veciños?

Médicos sen fronteiras, farmacéuticos mundi, enfermeiros, mestres, técnicos das máis diversas profesións, Cociña económica, Cáritas, Reto, Dignidade, etc.

Seguro que con limitacións e mesmo con fallos. Só se equivoca quen se move, quen arrisca, quen pon da súa parte. O que non achega nada polos demais, normalmente, fica en opinar ou na crítica superficial e ás veces negativa. Que tamén ten o seu valor. Pero quen de verdade empurra a máquina, quen abre a gabiá, non son os miróns, senón esa persoa que en silencio súa a gota gorda metido no tallo.

As nosas amas de casa ou servidoras de casa en voluntariado forzoso, só se lles recoñece o seu traballo para dicirlles: Mamá, isto non sabe a nada, pasáche co sal, queimouseche o guiso, etc. Poucas veces escoitarán: Grazas, mamá, polo que fas por nós cada día.

Nun centro penitenciario, cárcere, hai inmensidade de necesidades e de pobrezas de todo tipo. Os antropólogos fálannos das cinco dimensións da persoa: Física, psíquica, emotiva, relacional, espiritual e dentro desta última estaría ocupando unha parceliña o relixioso. En todas elas hai necesidade de persoal de apoio que, sen manipulacións, con toda xenerosidade e respecto á dignidade da persoa, achegue o mellor de si mesmo e, se pode ser, de forma organizada e en equipos multi e interdisciplinares. Necesítanse a todos e en todo.

A acción do voluntariado, no específico do mundo penitenciario, ten que orientarse: 1º) A unha acción seria e organizada de tipo preventivo. 2º) No tempo do internamento é imprescindible unha grande dedicación capacitada e eficaz, o máis personalizada posíbel. Ten de conxugarse a prudencia e a eficacia ao resolver o que se poida facer en cada caso e situación. 3º) Pero de pouco serviría o anterior se a sociedade non tomamos conciencia seria do despois. A nosa Constitución fala de rehabilitación e reinserción. E échese nos a boca con esas palabras para a galería. Sempre: "Que se rehabiliten eles, que se reinsiran ou reinserten eles".

E os medios, o ambiente de acollida, o posto de traballo, o trato social e non sinalar co dedo, e a vivenda, e os pisos de acollida, e a consideración positiva e a aceptación incondicional da que nos fala a psicoloxía humanista, etc., quen pon todo iso?

Só con mirar aos peixes no seu languidecer, se non depuramos e desintoxicamos a auga e non cambiamos as circunstancias vitais, eles sós, morren. Algo teremos que ver nós niso. Os cárceres

son nosos e o que se faga con eles tamén. Normalmente solucionámolo todo dunha forma simplista: "Que apodrezan no cárcere". Que humanitarios somos! E se fose o teu fillo?

Urxen asociacións de axuda para esa reinserción e acollida no día despois. Ninguén máis capacitado e interesado que o que pasou polo sufrimento. Podería nacer un voluntariado organizado e asociado para favorecer o non fracasar e o non reincidir por ter todas as portas pechadas despois de recuperar a liberdade? O reto está aí. A resposta é de todos. Túa e miña tamén. E se nos asociamos moito mellor. Estarías disposto a algo neste senso? Avecíñanse tempos de carestía e incompreensión. Para o pobre sempre é noite, di o refrán.

**Xaquín Campo Freire**